



INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS NO CASTRO DE VILADONGA. ANOS 2013-2015

Emilio Ramil González

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA NO ANO 2013

Na campaña do ano 2013, continuación da realizada no ano 2012, "Acondicionamento e consolidación arqueolóxica para a posta en valor do Castro de Viladonga"; a actuación arqueolóxica consistiu no control e seguimento dos traballos de acondicionamento e consolidación en tres espazos do castro, ademais da escavación puntual:

- Espazo 4: E-44, E-45, sector denominado Barrio Norte, vivendas próximas á muralla na zona norte.
- Espazo 5: E-35, E-36, sector do Barrio escavado máis próximo á muralla na zona sur.
- Espazo 6: E-43, sector do Barrio Central do Castro.

Os traballos de consolidación e acondicionamento realizados nestes sectores afectaron ao subsolo do xacemento, consecuentemente a niveis arqueolóxicos; o resultado da afección dos traballos nestes espazos descríbese a continuación. Diferenciamos a estratigrafía relacionada coa muralla da estratigrafía relacionada co recinto habitacional.

ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA REALIZADA. RESULTADO DA ESCAVACIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL. ESPAZOS 4, 5, 6.

Segundo o proxecto autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, o obxectivo da escavación e control arqueolóxico dos traballos de consolidación foi o seguinte:

- 1- Escavación e control arqueolóxico naquelas zonas onde sexa necesario para definir o alcance da consolidación e haxa movemento de terras ou para atopar as cimentacións dos muros e posterior rexistro co obxectivo de aumentar o coñecemento científico do recinto arqueolóxico.
- 2- Mellora do rexistro con tratamento informático dos datos.
- 3- Mellora no coñecemento científico.
- 4- Rendemento social da intervención.

Resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 4: E-44, E-45, sector denominado Barrio Norte, vivendas próximas á muralla na zona norte.

O estado inicial das dúas vivendas é que están pegadas ao derrube e colmatación procedente da muralla.



Espazo 4: E-44, E-45, denantes do inicio dos traballos.

A escavación arqueolóxica veu motivada porque foi necesario alixeirar o noiro de terra e pedra procedente do derrube da muralla na zona norte que presiona os paramentos externos norte das vivendas E-44, E-45, provocando que as estruturas presenten unha forma moi combada cara o interior das vivendas, con risco de derrube; foi necesario, para consolidar os muros norte das dúas vivendas, realizar o baleirado ou escavación en área neste espazo, entre os paramentos norte externos das estruturas e o paramento interno da muralla norte.

O resultado da intervención aporta novidades, xa que é un espazo que non foi escavado anteriormente, aínda que o resultado da actuación confirma a dinámica xa coñecida nesta área do Barrio Norte, un paso estreito entre os paramentos externos que pechan as vivendas e o paramento interno da muralla, co acceso por escadas á parte superior da estrutura defensiva.

Realizouse a intervención con metodoloxía arqueolóxica de escavación en área do derrube situado entre os paramentos externos das dúas vivendas e o paramento interno da muralla, coa suficiente profundidade para acadar o obxectivo de crear o suficiente espazo para acometer a posterior consolidación dos paramentos externos norte das vivendas E-44 e E-45.

Estratigrafía:

En relación á estratigrafía, no espazo escavado, logo do nivel de formación vexetal (UE 000), detéctanse catro niveis arqueolóxicos, relacionados co abandono, construción e derrube da muralla e as vivendas, niveis galaico-romanos do Castro de Viladonga.



Escavación do nivel 1 e inicio do nivel 2.

- Nivel 1: Abandono e colmatación natural.

UE 001: Terra vexetal de cor marrón escura con abundantes raíces e algunha pedra miúda e unha potencia media de 10-20 cm.

- Nivel 2: Este nivel está formado polo paramento interno da muralla e o derrube interior da mesma.

UE 002: Derrube procedente da muralla, a base de pedras de mediano e pequeno tamaño con terra de cor marrón, baixo a UE 001.

UE 003: Terra de cor marrón clara con derrube da muralla, que sae ao inicio da exhumación das primeiras fiadas do paramento interno da muralla, baixo UE 001 e UE 002.

UE 004: Depósito de terra marrón con manchas de carbóns e derrube da muralla de pedras de gran tamaño.

UE 005: Paramento interno superior da muralla norte, cunha altura media conservada de 60 cm.

UE 006: Paramento interno inferior da muralla norte, que fai un rebanco de apoio da parte superior UE 005, cunha altura media de 1,40 m.

UE 007: Parte das escadas de acceso á muralla, conservándose dous chanzos e parte doutro, localizados no extremo noroeste da muralla, no espazo escavado.

- Nivel 3: Está formado pola capa de abandono das vivendas.

UE 008: Capa de terra marrón con restos de argamasa amarela, carbonciños e pedra máis pequena procedente dos muros das vivendas, situada baixo UE 001, UE 002, UE 003 e UE 004.

- Nivel 4: Nivel do momento de construción das vivendas.

UE 008: Cimentación das vivendas, coa colocación de lousas sobre a nivelación do substrato, das que arrancan as primeiras fiadas dos paramentos dos muros das vivendas; a consideración mencionada en relación a que as lousas de cimentación están colocadas na nivelación do substrato, non deixa de ser unha hipótese porque non se realiza a escavación ata o substrato ao tratarse dunha escavación de apoio á consolidación, non dun proxecto de investigación.

UE 009: Pavimento de argamasa amarela situado entre os paramentos externos das vivendas e o paramento interno da muralla norte, estreito lugar de paso e acceso á parte superior da estrutura defensiva.



Espazo 4 rematada a intervención; muralla con escada e vivendas. Nivel 4, UE 008-UE 009.

ESTRUTURAS: MURALLA E VIVENDAS

Muralla:

A lonxitude escavada da muralla, dirección leste-oeste, é de 9,28 metros, dos que 4,20 corresponden ao paramento interno situado fronte ao paramento externo da vivenda E-44 e 5,08 m. corresponden ao paramento interno situado fronte ao paramento externo da vivenda E-45. A altura media total escavada é de 2 m., sendo 60 cm. da parte superior do paramento interno conservado e 1,40 m. da parte inferior do paramento interno da muralla que fai un rebanco de apoio da parte superior.

Está construída en cachotería de aparello horizontal irregular pola utilización de pedras de xisto de diferente tamaño, grandes, medianas e pequenas.

Recupérase parte das escadas de acceso á muralla, conservándose dous chanzos e parte doutro, localizados no extremo noroeste da muralla, no espazo escavado.



E-44, E-45; detalle do paramento da muralla coa escada; cimentación das vivendas, nivel 4, UE 008 e UE 009.

Vivendas E-44 e E-45

Vivenda E-44:

Medidas do espazo escavado: lonxitude media N-S: 2 m.; L-O: 4, 20 m. Profundidade de escavación: entre a parte superior do espazo colmatado, con manto vexetal cubrindo, e o remate da escavación, a cimentación do muro da vivenda: 2, 45 m.

Distancia, rematada a escavación, entre o paramento interior da muralla e o paramento exterior da vivenda, ou paso estreito entre estruturas: 40-85 cm.

Escavación e conservación en altura do paramento exterior da vivenda: 80-90 cm., de cachotería de aparello horizontal, moi regular en comparación co aparello da muralla, por superposición de fiadas utilizando como materia prima a lousa.

O muro norte que pecha a vivenda presenta unha forte inclinación cara o interior por mor da presión do derrube da muralla, máis potente cara o centro que cara os extremos, desta forma o ancho superior nas esquinas é de 50 cm., mentres que no centro é de 36 cm.

Nesta parte superior do muro as lousas de lousa están unidas con cemento, froito dunha intervención recente (anos 90 do século XX) de consolidación, que probablemente impediu o derrube do muro.

Vivenda E-45:

Medidas do espazo escavado: lonxitude media N-S: 1, 90 m.; L-O: 5, 08 m.

Profundidade de escavación: entre a parte superior do espazo colmatado, con manto vexetal cubrindo, e o remate da escavación, a cimentación do muro da vivenda: 2, 50 m.

Distancia, rematada a escavación, entre o paramento interior da muralla e o paramento exterior da vivenda, ou paso estreito entre estruturas: 55-70 cm.

Escavación e conservación en altura do paramento exterior da vivenda: 90 cm., de cachotería de aparello horizontal, moi irregular en comparación co aparello da vivenda E-44, por superposición de fiadas utilizando como materia prima a lousa e o xisto.

O muro norte que pecha a vivenda tamén presenta unha inclinación cara o interior por mor da presión do derrube da muralla, máis potente cara o centro que cara os extremos, desta forma o ancho superior nas esquinas é de 47 cm., mentres que no centro é de 37 cm.

O muro norte desta vivenda encóstate no extremo oeste ao muro norte da vivenda E-44, sendo polo tanto posterior a súa construción.



E-44, E-45 rematada a escavación

Resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 5: E-35 e E-36, sector do Barrio escavado máis próximo á muralla na zona sur.

O estado inicial das dúas vivendas é que están parcialmente escavadas; as dúas presentan unha escavación completa cara o interior das estruturas, exhumándose enteiramente os muros norte, leste e oeste; do muro sur das dúas construcións soamente se aprecian os paramentos internos, a parte superior e os paramentos externos estaban sen escavar. Para acadar o obxectivo da consolidación neste Espazo 5, denantes da intervención foi preciso exhumar completamente as dúas vivendas. Debemos puntualizar non obstante, que se realizou unha escavación en área, case superficial, deixando á vista as estruturas completas para a súa consolidación, e non se realizou unha escavación completa en profundidade, sendo consecuentemente unha investigación incompleta deste espazo, xa que non era o obxectivo da actual campaña de intervención.

O resultado da intervención aporta de todos os xeitos, novidades, xa que se trata dun espazo entre o paramento interno dos muros sur das estruturas e o novo perfil sur, que non foi escavado anteriormente, aínda que o resultado da actuación confirma a dinámica xa coñecida, tanto estratigráfica como estruturalmente, para estas dúas vivendas que foran exhumadas en anteriores campañas.

A intervención con metodoloxía arqueolóxica de escavación en área do espazo situado entre os paramentos internos das dúas vivendas e o novo perfil sur situado a 1,20 m. dos paramentos internos, coa suficiente profundidade para acadar o obxectivo de crear o suficiente espazo para acometer a posterior consolidación e drenaxe dos muros sur das vivendas E-35, E-36.

A superficie total da escavación é de 9 metros de lonxitude leste-oeste e 1, 20 metros de ancho, norte-sur.



Espazo 5. E-34 e E-35 denantes da intervención.

Estratigrafía:

En relación á estratigrafía, no espazo escavado, logo do nivel de formación vexetal, manto vexetal (UE 000), detéctanse, dada a escasa potencia da escavación, soamente dous niveis arqueolóxicos relacionados co abandono e derrube do muro sur das vivendas e a construción dos muros; nivel galaico-romano do Castro de Viladonga.

- Nivel 1: Abandono e colmatación natural.

UE 001: Capa de terra escura con pedra miúda resultado da descomposición da lousa situada baixo a terra vexetal; 18-20 cm. de potencia, moi compacta xa que sufriu a agresión anual do paso da maquinaria que efectuaba labores de limpeza e apoio aos traballos de intervención no Castro.



E-34, E-35. Retirada do manto vexetal e inicio da escavación do nivel 2, UE 002

- Nivel 2: Este nivel está formado pola fiada superior e os paramentos externos dos muros sur das vivendas e os derrubes exteriores dos mesmos.

UE 002: Fiadas superiores conservadas dos muros sur das vivendas, de lousa de mediano e pequeno tamaño.

UE 003: Derrube procedente dos muros sur das vivendas, a base de pedras de mediano e pequeno tamaño de lousa con terra de cor marrón clara e argamasa amarela, baixo a UE 001; escávase ata 38-40 cm. de profundidade co obxectivo, ademais da consolidación, de acadar a profundidade adecuada para un bo drenaxe exterior das vivendas; recupérase algún anaco de cerámica común, tégula e cravos de ferro.

UE 004: Paramentos externos dos muros sur das vivendas, construídos en cachotería por superposición de fiadas horizontais, utilizando como materia prima a lousa e a ligazón con argamasa de cor amarela.

UE 005: Inicio dunha nova unidade estratigráfica que non se escava por ser innecesario para o obxectivo do

actual proxecto; semella unha terra gris con restos de cinzas, baixo UE 003.



Escavación nivel 2; detalle do muro e derrube das paredes sur das vivendas.

Estruturas: Vivendas E-35 e E-36

Vivenda E-35:

Medidas do espazo escavado: lonxitude N-S: 1,20 m. dende o paramento interior do muro sur da vivenda ata o remate da escavación, novo perfil sur. L-O: 4,00 m. dende o inicio no perfil leste ata o paramento externo do muro oeste de E-36. Lonxitude total do muro sur exhumado dirección leste-oeste: 3,80 m. Anchura do muro sur: 70 cm.

Profundidade de escavación, entre a parte superior do espazo colmatado, con manto vexetal cubrindo, e o remate da escavación: 50-65 cm., exhumando entre 8-10 fiadas de cachotería horizontal, chegando a 15 fiadas no extremo sur-surleste.

Vivenda E-36:

Medidas do espazo escavado: lonxitude N-S: 1,20 m. dende o paramento interior do muro sur da vivenda ata o remate da escavación, novo perfil sur. L-O: 5,00 m. dende o inicio do paramento leste ata o paramento externo do muro oeste de E-35. Lonxitude total do muro sur exhumado dirección leste-oeste: 3,90 m. Anchura do muro sur: 70 cm.

Profundidade de escavación, entre a parte superior do espazo colmatado, con manto vexetal cubrindo, e o remate da escavación: 50-55 cm, exhumando entre 8-10 fiadas de cachotería horizontal.



Remate da escavación E-34, E-35

Resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 6: E-43, sector do Barrio Central do Castro

Propónse realmente unha limpeza do que semella parte dunha estrutura ou base de apoio para unha plata-

forma de madeira, situada no ángulo surleste externo da vivenda, á que se accede a través do patio lousado exterior seguido de tres chanzos dunha escada.

O estado inicial presenta unha cuberta vexetal que se limpa co obxectivo de definir a estrutura que cubre.

A simple limpeza superficial permite apreciar restos de dúas estruturas; a que conserva maior altura e lonxitude semella parte dun muro situado baixo as paredes das dúas vivendas anexas e toma dirección NL-SO; apréciase soamente unha das caras, paramento que se conserva ao longo de 1,10 m., dende o extremo SO, baixo os muros das vivendas, ata desaparecer no extremo NL, onde continua o lousado do patio.

O segundo muro, en peor estado aínda, ten dirección N-S, conserva soamente dúas fiadas con 95 cm. de lonxitude e 15 cm. de altura; semella que é posterior ao primeiro, e tería a función de delimitar o acceso á vivenda, dende as escadas.

Seguindo a dinámica do actual proxecto de consolidación, non é necesario proceder á escavación, quedando consolidado á espera de futuras intervencións que aclaren a historia destes restos estruturais detectados pero non investigados. Carece de estratigrafía, soamente limpouse o manto vexetal.



Rematada a limpeza, aprécianse os restos de dous muros en diferente dirección.

CONCLUSIÓNS

A intervención arqueolóxica, seguimento e control arqueolóxico da campaña de acondicionamento e consolidación do Castro de Viladonga do ano 2013, podemos cualificala, igual que a campaña do 2012, como positiva, aínda que non é completa no que respecta ós seus resultados científicos dende o punto de vista da investigación de niveis correspondentes á etapa galaico-romana nos espazos obxecto da actuación, ao detectarse niveis arqueolóxicos pero non poder afondar no seu coñecemento, agás no espazo da muralla; a arqueoloxía, neste proxecto, serve de apoio á consolidación das estruturas, e, deste xeito, só se afonda na escavación ata onde determina a necesidade desta consolidación; cúmprese así o obxectivo do proxecto, pero non se esgotan os niveis arqueolóxicos detectados durante a intervención.

O resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 4: E-44 e E-45, sector denominado Barrio Norte, vivendas próximas á muralla na zona norte. A campaña permite detectar un novo sector para o coñecemento do nivel construtivo da defensa amurallada do castro, aínda que é un nivel arqueolóxico xa coñecido nos diferentes sectores escavados do chamado Barrio Norte.

O resultado da intervención aporta novidades, xa que é un espazo que non foi escavado anteriormente, aínda que o resultado da actuación confirma a dinámica xa coñecida nesta área do Barrio Norte, un paso estreito entre os paramentos externos que pechan as vivendas e o paramento interno da muralla, co acceso por escadas á parte superior da estrutura defensiva.

Respecto ao resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 5: E-35 e E-36, sector do Barrio escavado máis próximo á muralla na zona sur, o resultado da intervención aporta de todos os xeitos, a pesar da escasa profundidade da escavación que só permite detectar dous niveis arqueolóxicos, novidades, xa que é un espazo entre o paramento interno dos muros sur das estruturas e o novo perfil sur, que non foi escavado anteriormente, aínda que o resultado da actuación confirma a dinámica xa coñecida, tanto estratigráfica como estruturalmente, para estas dúas vivendas que foran exhumadas en anteriores campañas.

O Espazo 6: E-43, sector do Barrio Central do Castro non se escava, soamente se realiza unha limpeza que

permite exhumar os restos de dúas estruturas con diferentes funcións pero, seguindo a dinámica xeral da intervención, non é necesario afondar na escavación e consecuentemente na investigación arqueolóxica, ao cumprirse os obxectivos do proxecto de acondicionamento e consolidación.

O material ergolóxico recuperado na intervención consiste en cerámica castrexa e común romana, ademais de tégulas e cravos de ferro, nos Espazos 4 e 5, en niveis galaico-romanos; no Espazo 4, recupérase tanto nas UE relacionadas co derrube da muralla, UE 002, UE 003 e UE 004, do nivel 2, como nas UE relacionadas co derrube do muro norte das vivendas, UE 007 do nivel 3. No Espazo 5 o material recupérase no nivel 2, UE 003, relacionado co derrube do muro sur das vivendas.

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA NO ANO 2015

Na campaña do ano 2015, continuación das realizadas nos anos 2012 e 2013, dentro do proxecto "Acondicionamento e consolidación arqueolóxica para a posta en valor do Castro de Viladonga," a actuación arqueolóxica consistiu no control e seguimento dos traballos de acondicionamento e consolidación en catro espazos do castro completados coa escavación puntual en catro áreas dos mesmos.

- Espazo 11: E-62, área de acceso ao interior da croa

- Espazo 9: E-56, E-56A, E-57, E-58, E-52. Intervense en E-56A e límpanse os dous silos escavados en campañas anteriores. Área próxima á muralla norte do castro.

- Espazo 10: E-61, E-59. Intervense en E-61, área do Barrio Central.

- Espazo 8: E-53, E-54 e E-55. Intervense en E-53, área de habitación próxima á muralla noroeste.

Os traballos de consolidación e acondicionamento realizados nestes espazos afectaron ao subsolo do xacemento, consecuentemente a niveis arqueolóxicos; os resultados da afección dos traballos nestas áreas do castro descríbense a continuación. Diferenciamos a estratigrafía relacionada coa área da muralla, da estratigrafía relacionada co recinto habitacional.

ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA REALIZADA. RESULTADO DA ESCAVACIÓN, SEGUIMIENTO E CONTROL. ESPAZOS 11, 9, 10 E 8.

Os obxectivos da intervención veñen definidos no proxecto autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e son:

- 1- Escavación e control arqueolóxico naquelas zonas onde sexa necesario para definir o alcance da consolidación e haxa movemento de terras ou para atopar as cimentacións dos muros e posterior rexistro co obxectivo de aumentar o coñecemento científico do recinto arqueolóxico.
- 2- Mellora do rexistro con tratamento informático.
- 3- Mellora no coñecemento científico.
- 4- Rendemento social da intervención.

Resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 11: E-62, área de acceso ao interior da croa.



Espazo 11 denantes a intervención

Segundo se indica no proxecto autorizado este espazo confórmao soamente unha estrutura, que non é un espazo habitacional. Especúlase que poden ser os restos dun espazo de vixilancia pola súa proximidade a unha das portas do castro.

O obxectivo da intervención é que a escavación que se realiza durante os traballos de restauración proporcione información sobre esta estrutura e sobre a súa correcta intervención.

O que máis chamaba a atención, en canto ao deterioro na E-62, é o derrubo que presentaba.

É unha estrutura que non sabiamos se estaba exenta ou pegada á muralla. Tiña dous grandes derrubes pola presión que exercía a terra que tiña na súa cabeceira e que procedía do recheo da muralla.

Estes derrubes estaban nos seus lado leste e oeste, manténdose o muro norte en pé, aínda que con problemas polo desprazamento de lousas e a febleza estrutural dalgunhas destas.

A capa vexetal impedía coñecer os límites internos desta estrutura.

Realizouse a intervención con metodoloxía arqueolóxica de escavación en área de 5,61 m²; 3,30 m. L-O x 1,70 m. N-S. A esta actuación debemos engadir a retirada do derrubo procedente da muralla cara o oeste da escavación, cunha lonxitude de intervención de 1,75 m. dirección leste-oeste, que impedía a correcta visualización do resultado da escavación.

O obxectivo, ademais de acadar a funcionalidade da estrutura como posible corpo de garda de acceso ao recinto habitacional do castro, foi definir o paramento esquerdo interno da muralla; considerábase que a defensa muraria estaba reforzada polo elemento estrutural de forma rectangular que estaba sen escavar; a definición estrutural deste elemento e a súa relación funcional co paramento da muralla era o obxectivo fundamental da intervención.

O programa de traballo consistiu en retirar inicialmente con ferramenta manual, paletaña, picaraña e escoba, o manto vexetal herbáceo que cubría a estrutura; seguidamente realizouse a fotografía do resultado da intervención e a continuación iniciouse a escavación por unidades estratigráficas, retirando en primeiro lugar as pedras procedentes do derrubo da muralla e da propia estrutura.

Estratigrafía:

En relación á estratigrafía, no espazo escavado detéctanse catro niveis arqueolóxicos relacionados co abandono, derrubo e construción da muralla e o corpo de garda; nivel galaico-romano do Castro de Viladonga.

- Nivel 1: Abandono e colmatación natural.

UE 001: Manto vexetal herbáceo.

UE 002: Terra vexetal de cor marrón, grao medio e moi compacta, con abundantes raíces e algunha pedra miúda, e unha potencia media de 10-20 cm.

- Nivel 2: Este nivel está formado polo derrubo do paramento interno da muralla e o derrube procedente do corpo de garda.



Planta do corpo de garda.

UE 003: Pedregullo, pedra miúda e terra de cor marrón clara, de grao medio, moi compactada, con 20-40 cm. de potencia, procedente do interior do bastión esquerdo da muralla, baixo a UE 001-UE 002.

UE 004: Derrubo de pedras de mediano, pequeno e gran tamaño, procedentes do paramento interno esquerdo da muralla, localizado sobre a parte superior do paramento conservado da estrutura defensiva, cunha potencia de 50-55 cm., baixo as UE 002 e UE 003.

UE 005: Derrubo de pedras medianas e grandes procedentes do paramento interno da muralla cunha potencia entre 50-55 cm., baixo a UE 003, a continuación da UE

004. Localízase este derrubo entre o paramento interno da muralla e a estrutura do corpo de garda.

UE 006: Derrubo de pedras de mediano e gran tamaño procedentes da estrutura do corpo de garda, cunha potencia de 40-45 cm., baixo a UE 005, sobre a UE 007.

UE 007: Pedregullo, pedra miúda e terra de cor marrón, procedente do interior da estrutura do corpo de garda, baixo a UE 006.

- Nivel 3: Está formado pola capa de pavimento ou empedrado de uso neste espazo do acceso ao castro.

UE 010: Pequenos restos de carbonciños moi alterados con terra limosa, situados baixo as UE 005, UE 006 e UE 007, sobre as UE 011 e UE 012.

UE 011: Pavimento de terra pisada, con abundantes anacos de tella e pedra miúda, facendo un solo moi compacto, con 10 cm. de potencia, baixo as UE 006, UE 007 e UE 010, sobre a UE 012.

UE 012: Pedras de mediano tamaño colocadas en posición horizontal baixo a UE 011, coa funcionalidade de facer de base ou soporte do pavimento; este tipo de estrutura horizontal exhumouse ao longo do acceso entre paramentos internos da muralla nas campañas de escavación anteriores; actualmente está cuberta e protexida con capa de árido e zorra por ser o lugar de paso dos visitantes do castro.

- Nivel 4: Nivel do momento de construción do paramento interno da muralla e do corpo de garda.

UE 008: Paramento interno da muralla, baixo as UE 005 e UE 006.

UE 009: corpo de garda, baixo as UE 006 e UE 007.

UE 013: Cimentación do paramento interno da muralla, construída con grandes bolos de seixo, situando sobre estes as primeiras fiadas de cachotería da estrutura defensiva, baixo UE 008.

UE 014: Cimentación das primeiras fiadas do corpo de garda, sobre a UE 012, baixo a UE 009.

Estruturas: Muralla e corpo de garda

Muralla (UE 008):

A lonxitude escavada da muralla, dirección leste-oeste, é de 2,55 metros, que corresponden ao paramento interno do bastión esquerdo de acceso ao castro. A altura media total escavada é de 77 cm. por superposición de 4-6 fiadas con pedras de mediano e gran tamaño, cunha anchura máxima escavada entre a cara externa e o derrubo de 75 cm.; localízase a continuación do paramento interno escavado en campañas anteriores, ao sur do corpo de garda; ven en liña recta, en paralelo ao bastión dereito, pero iniciando xa a curva do bastión no extremo oeste, en dirección sur.



Muralla e corpo de garda

Está construída en cachotería de aparello horizontal irregular pola utilización de pedras de xisto de diferente tamaño, grandes, medianas e pequenas.

Corpo de garda (UE 009):

Estrutura rectangular, en parte destruída, que estaría acaroadada ao paramento interno do bastión esquerdo da muralla.

Consérvanse ata 5 fiadas de cachotería de pedra de diferente tamaño, medianas e grandes alternándose na construción.

A lonxitude conservada é de 3,55 m. dirección leste-oeste, tendo os remates ou esquinas da construción desaparecidas.

Actualmente presenta unha altura máxima de 90 cm., cunha anchura de 75 cm. entre o paramento externo conservado ao norte e o recheo interior ao sur ata o paramento interno da muralla, na que se encostaría.



Espazo 9. E-56. Escavación do muro.

Co obxectivo de apreciar nidiamente a estrutura, cara o oeste da mesma retírase derrubo procedente da muralla cunha lonxitude de 3,20 m. dirección leste-oeste; este rebaixe permite apreciar a destrución do esquinall do corpo de garda cara o oeste. Sería necesario realizar a escavación en área deste espazo entre o corpo de garda e o primeiro barrio escavado á esquerda da croa, retirando todo o derrube da muralla, deixando ao descuberto o paramento interno en toda a súa lonxitude para definir con claridade este espazo defensivo e habitacional do castro e a súa secuencia construtiva e cronolóxica, xa que en anteriores campañas constatouse a presenza do nivel castrexo anterior ao galaico-romano do xacemento.

A modo de consideracións finais da intervención neste espazo queremos sinalar que o dobre obxectivo da actuación foi definir o remate do acceso ao interior do recinto habitacional, aclarando a relación entre a construción de pedra situada á esquerda e o bastión esquerdo da muralla. A escavación permite exhumar o paramento interno do bastión na zona onde inicia a curva interior da muralla así como constatar a existencia dun corpo de garda, complemento das defensas de acceso á croa. Recuperouse tamén parcialmente o pavimento de uso (recuperado en anteriores campañas ao longo

de todo o acceso á croa entre os paramentos interiores da muralla), situado baixo o corpo de garda, indicando que esta estrutura é posterior construtivamente ao citado pavimento.



Detalle dos paramentos interior e exterior, apreciándose a parte do muro reconstruída nos anos 70.

Resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 9: E-56, E-56A, E-57, E-58, E-52.

Intervense en E-56A e límpanse os dous silos escavados en campañas anteriores. Área próxima á muralla norte do castro.

Indicábase no proxecto autorizado que nos espazos 9 e 10 temos un dos problemas máis importantes no Castro de Viladonga froito da metodoloxía arqueolóxica dos anos 70, a sobreescavación. Deixando a cimentación do muro ao descuberto, prodúcese un grave risco de derruba ou de xeración de gretas, debido ás graves alteracións que sofren polos axentes climatolóxicos estas zonas ao descuberto. Só a pouca potencia dos muros evita que os danos sexan máis graves.

Todas as estruturas que forman parte deste espazo apenas conservan as fiadas de arranque dos muros.

O Espazo 9 é unha superficie escavada por Chamoso Lamas nos anos 70 do século XX. Actualmente, a efecto da intervención, correspóndese coas habitacións E-56, E-57, E-58 e E-52; como resultado da actuación arqueolóxica debemos engadir E-56A, o muro que se apega a E-56.

O estado do Espazo 9 denantes da intervención, presentábase como un barrio do castro, un conxunto habitacional composto de tres recintos ocupacionais e dous muros acaroados.

A zona de escavación localízase na habitación E-56A, un muro que sae de E-56 en dirección leste-oeste, encostándose polo extremo leste ao muro norte-sur de E-56. O extremo oeste semellaba facer curva, tomando dirección norte-sur e consideramos a posibilidade de que se apegase ao muro norte-sur da habitación grande do castro, a que se considera lugar de reunión, ou se situase baixo este muro, sendo anterior, de época plenamente castrexa.

O muro mide 3,52 m. entre o extremo leste, onde se encosta á habitación E-56 e o inicio da curva, onde desaparece.

A superficie, a ambos lados do muro, presenta un estado moi irregular, con zonas sobreescavadas e zonas con acumulación de escombros procedentes da escavación de Chamoso Lamas.

Na área situada ao sur da estrutura, hai unha zona máis rebaixada no extremo leste, presentando maior altura de terra en dirección oeste; esta parte é a que se escava.

Na área situada ao norte do muro hai un rebaixe de 2x2 m. cunha profundidade de 40 cm., sobreescavación dos anos 70, que se vai encher de terra para nivelar a superficie. Dende esta sobreescavación ata o muro da casa grande do castro hai 2 m., que tamén se escavan para comprobar si continua a estrutura de E-56A.

O obxectivo da escavación é recoñecer a cimentación da estrutura para acometer a súa recuperación e consolidala, xa que o seu estado de conservación é moi precario.

Realizouse a intervención con metodoloxía arqueolóxica de escavación en área do espazo situado entre o paramento interno e externo da estrutura E-56A e a casa grande do castro, coa suficiente profundidade para acadar o obxectivo de crear o suficiente espazo para acometer a posterior consolidación e drenaxe do muro.

A superficie total da escavación é de 3,70 metros de lonxitude leste-oeste, e 1 metro de ancho, a ambos lados dos paramentos interno e externo da estrutura.

Estratigrafía:

En relación á estratigrafía, no espazo escavado detéctanse, a pesar da escasa potencia da escavación, tres niveis arqueolóxicos, relacionados co abandono, colmatación e derrube do muro leste-oeste de E-56A, o nivel galaico-romano do Castro de Viladonga e o nivel castrexo.

- Nivel 1: Abandono e colmatación natural.

UE 001: Manto vexetal herbáceo.

UE 002: Terra vexetal de cor marrón, grao medio e moi compacta, con abundantes raíces e algunha pedra miúda e unha potencia media de 10-20 cm.

UE 003: Sedimento de terra de cor marrón clara, moi solta, de grao fino, con raíces, situada baixo a capa de céspede colocado a modo de protección das primeiras fiadas do muro; nesta terra saen algúns anacos de cerámica e un alisador.

- Nivel 2: Nivel galaico-romano do castro, formado por varias UE relacionadas cunha estrutura escavada e alterada nas escavacións dos anos 70.

UE 004: Muro leste-oeste en moi mal estado de conservación, que se vai consolidar.

UE 005: Sedimento de terra con pedra miúda localizada entre o extremo oeste do muro UE 004 e a esquina onde fai a curva; este espazo de E-56A está completamente alterado pola escavación dos anos 70, sendo unha zona sobreescavada, provocando o derrube da esquina e a posterior colmatación.

UE 006: Derrube de pedras procedente do muro UE 004, localizado ao sur da estrutura, próximo ao paramento exterior, situado sobre a UE 002.

UE 007: Capa de terra gris clara con pedra miúda, moi compactada; ten 6 cm. de potencia, sendo completamente estéril e semella unha capa de terra revolta como consecuencia da escavación dos anos 70.

UE 008: Restos de muro anterior a UE 004; consérvase unha aliñación de pedras en dirección NL-SO, situadas en parte baixo a estrutura UE 004, conservando unha soa fiada colocada sobre o substrato; ten unha anchura de 37 cm.

- Nivel 3: Castrexo, formado por varias UE relacionadas co pavimento orixinal de uso do castro e traballos de acoutamento do espazo para traballos agrícolas, anteriores á actual urbanización deste zona do xacemento.

UE 009: Capa superior do pavimento de uso do castro, formada por unha terra arxilosa de cor amarela mesturada con anaquiños de lousa e pedra local moi miúda, cunha compactación moi alta.

UE 010: Aliñación de pedras fincadas verticalmente en dirección S-N, acoutando un espazo para usos agrícolas, relacionadas con silos escavados neste sector do castro.

UE 011: Segunda capa do pavimento, terra de cor negro con 8-10 cm. de potencia, baixo a UE 009, estendéndose en paralelo á estrutura UE 004.

UE 012: Terceira capa do pavimento, feita de pedra de mediano tamaño asentada horizontalmente, baixo as UE 009 e UE 011; sería a base do pavimento, actuando tamén como drenaxe.

Non se pode continuar escavando en profundidade este nivel por non estar previsto no proxecto autorizado e a falta de tempo. As UE 009, UE 011 e UE 012, forman un pavimento de 20 cm. de potencia que se estende a ambos os dous lados da estrutura UE 004, e aparece alterado pola escavación dos anos 70.

UE 013: Derrube de pedras de construción situado ao norte do muro UE 004, en parte baixo a UE 009, indicando polo tanto unha alteración do pavimento nesta zona, seguramente durante a escavación dos anos 70.

Estrutura:

Espazo 9. Muro UE 004

O muro UE 004 localizado no espazo E-56A, forma parte dunha habitación desaparecida, conservándose soamente a dirección leste-oeste en mal estado de conservación, motivo da necesaria intervención de consolidación. Construído en cachotería de fiadas horizontais alternando pedra local e lousas, conservando ata 4-5 fiadas cunha altura de 26-30 cm. Apréciase unha parte da cimentación reforzada con pedras de seixo apoiadas algunhas no derrube de lousas procedentes dunha estrutura anterior.

O muro presenta os extremos leste e oeste rotos; consideramos inicialmente que a esquina oeste fose destruída pola construción da habitación E-56, xa que o que se apreciaba durante a intervención estaba á cota dos seixos de cimentación, e daba pautas sobre unha posible reurbanización do espazo, pero a análise do muro, rematada a limpeza, permitiu ver que estaba parcialmente reconstruído; semella que, durante a escavación dos anos 70, unha parte foi derruído e volta a levantar, xa que o aparello é semellante pero non igual ao orixinal.

Espazo 9: Silos e pedras fincadas

Neste Espazo 9 obxecto de intervención, consideramos a necesidade no futuro de realizar unha reescavación para entender a súa secuencia histórica, o proceso de reurbanización que tivo, xa que presenta elementos estruturais resultado da intervención dos anos 70, que están á vista, pero sen documentación sobre a súa funcionalidade.

Na intervención actual realizamos unha limpeza, xa que non estaba previsto no proxecto ampliar a escavación do espazo.



Espazo 9. Escavación dos silos e pedras fincadas que delimitan un espazo de uso agrícola anterior ao uso actual.

Silos e pedras fincadas:

Entre os paramentos das estruturas habitacionais hai un espazo libre de construcións, que presenta outro tipo de estruturas, silos e pedras fincadas, en parte descubertos nos anos 70. Realizamos unha limpeza do espazo e destes elementos, considerando a necesidade de realizar no futuro unha escavación en área.

Silo 1: Situado moi próximo ao muro UE 004

Estratigrafía:

A limpeza do silo 1 permite apreciar a seguinte estratigrafía:

- Nivel 1: Nivel de abandono e colmatación a partir dos anos 70.

UE 001: Manto vexetal.

UE 002: Terra vexetal de cor marrón con abundantes raíces, moi solta, e 5 cm. de potencia.

UE 003: Capa de terra de cor marrón con pedras de mediano tamaño, con 20-30 cm. de potencia; semella un recheo realizado nos anos 70.

- Nivel 2: Castrexo.

UE 004: Estrutura do silo. Ao rematar a limpeza apréciase a forma do silo escavado no substrato pizarroso. A parte superior das paredes escavadas, que dan forma rectangular coas esquinas redondeadas ao silo, presenta unha lousa moi fragmentada e moi compacta.

As medidas do silo son: N-S: corte superior exterior: 1,30 m., Corte inferior interior: 90 cm.; L-O: Corte superior exterior: 1,05 m.; Corte inferior interior: 60 cm.

O fondo do silo é a rocha nai de lousa.

UE 005: Aliñación de 6 pedras de lousa fincadas en posición vertical, dirección leste-oeste, dende o sur do silo 1, delimitando un espazo, posiblemente con funcionalidade agrícola, anterior a actual urbanización deste espazo do castro.

Silo 2: Situado a 4,60 m. ao sur do silo 1, está igualmente escavado no substrato pizarroso. A orientación é NO-SL.

Estratigrafía:

- Nivel 1: Nivel de abandono e colmatación a partir dos anos 70.

UE 001: Manto vexetal.

UE 002: Terra vexetal de cor marrón con abundantes raíces, moi solta, e 5 cm. de potencia.

UE 003: Capa de terra de cor marrón con pedras de mediano tamaño, con 40-45 cm. de potencia; semella un recheo realizado nos anos 70.

- Nivel 2: Castrexo.

UE 004: Estrutura do silo escavado na rocha

Medidas: NO-SL: Corte superior exterior: 1,80 m., corte inferior interior: 1,50 m.; NL-SO: Corte superior exterior: 1,30 m.; Corte inferior interior: 95 cm. Profundidade máxima ata a rocha nai de lousa: 50-55 cm.

Resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 10: E-61, E-59.

E-61:

Indícase no proxecto autorizado que E-61 é un espazo do que practicamente só é visible a cimentación. A intervención que se propón é a de conseguir mellorar a súa lectura e relación cos espazos contiguos.

En case o centro da estrutura esta situada unha pedra de gran tamaño que supoñemos parte da cimentación. Os factores que alteran a construción son a sobreescaivación nos muros sur e leste, a gran cantidade de material biolóxico sobre a superficie da estrutura e o movemento de pedras.



Espazo 10, E-61. Vista xeral apreciándose o afloramento rochoso que domina o centro da habitación e o derrube das paredes da vivenda.

Intervención:

É unha habitación de planta cadrada. Denantes da intervención apréciase a planta da estrutura e parte dos paramentos internos e externos, ademais dunha afloración da rocha nai que ocupa toda a parte central da construción, estendéndose ata o paramento interno oeste. Esta rocha está case á mesma cota que as fiadas superiores dos muros da habitación. Dedúcese que serviría de base ao pavimento interior da construción.

Realizamos a escavación dos espazos entre a rocha e os paramentos interiores dos muros.

Estratigrafía:

A estratigrafía antrópica estrutúrase en base a dous niveis arqueolóxicos.

- Nivel 1: Capas relacionadas co abandono e colmatación do espazo interior dende o remate da escavación dos anos 70-80.

UE 001: Manto vexetal.

UE 002: Terra vexetal, entre 5-8 cm. de potencia.

UE 003: Capa de terra de cor marrón con abundantes anacos de tella; son restos procedentes da escavación dos anos 70-80, botados de novo para tapar o espazo escavado.

- Nivel 2: Nivel galaico-romano

UE 004: Sedimento de terra de cor gris clara con abundante pedra pequena botada a modo de nivelación entre a rocha e o paramento interno do muro N. Sirve de base ao pavimento interior da construción.

UE 005: Laxas de lousa cunha dobre función, a de nivelación do terreo e a de cimentación, xa que as primeiras fiadas do muro N arrancan destas laxas.

UE 006: Furado de poste de sección cadrada. Mide 28x28 cm. A súa situación, fora do centro da habitación, case apegado ao muro N, pode indicar unha cronoloxía anterior á actual habitación; estamos nun espazo reurbanizado, é posible unha distribución diferente á actual.

UE 007: Estrato natural, afloramento da rocha.

UE 008: É unha capa de terra marrón clara que se estende entre a rocha e os paramentos interiores dos muros SL e O.

E-59:

Indicábase no proxecto autorizado que neste espazo a estrutura que presenta maior problemática no proceso de restauración é a E-59 polo grave estado de deterioración do material construtivo. O material pétreo perdeu todas as súas propiedades fisicoquímicas e presenta unha grave alteración de laminación, sobre todo nas fiadas superiores.

As estruturas que forman parte deste espazo conservan as fiadas de arranque dos muros, que se poden observar claramente na súa colocación, pola redución do seu perímetro.

Desta estrutura, E-59, consérvase o muro oeste, unha pequena parte do muro norte, e o muro medianoiro coa E-60, onde se encontra un pequeno elemento que non podemos, debido á súa posición e forma, determinar se é un fogar. Os factores e formas de alteracións son a meteorización, exfoliación e perda máterica por alteración fisicoquímica das laxas, os derrubes e perda de cachotes polo enchoupamento da auga que sofre a argamasa e a alteración física das laxas. Este feito facilita o empenamento e movemento das mesmas.

Intervención:

A superficie investigada é unha pequena plataforma exterior ás vivendas que destaca entre 30-40 cm. sobre o terreo inmediato situado ao leste.

O resto do espazo foi escavado nos anos 80, deixando sen rebaixar esta pequena plataforma. No extremo oeste, encostado ao paramento exterior do muro da habitación, hai unha pequena estrutura de laxas fincadas, que puidera ser os restos dun fogar.

As medidas da plataforma obxecto da intervención son: N-S: 3,20 m., L-O: 1,50 m., Altura: 30 cm.

Estratigrafía:

Escávanse dous niveis antrópicos neste espazo do xacemento.

- Nivel 1: Son as capas resultantes do abandono e colmatación despois da escavación dos anos 80.

UE 001: Manto vexetal.

UE 002: Terra vexetal.

UE 003: Capa de terra marrón escura con restos de lousa; é un escombros procedente da escavación anterior, con terra moi solta, abundante pedra, e 10 cm. de potencia.

UE 004: Abundante pedra con terra botada nos anos 80, cerca do paramento exterior do muro.

UE 005: Capa de terra marrón clara con pedra e algunha cerámica; ten entre 5-10 cm. de potencia; son restos de escombros.

UE 006: Capa de pedras botadas despois da escavación dos anos 80; algunhas semellan fincadas, próximas á gabia do muro.

- Nivel 2: Nivel galaico-romano

UE 007: Sedimento de terra de cor amarela, restos de pavimento, que aparece cortado e alterado por partes, como consecuencia da intervención dos anos 80, con 10 cm. de potencia; saen anacos pequenos de seixo, e pedra pequena.

UE 008: Cimentación ou base das primeiras fiadas dos muros das habitacións.

UE 009: Pequena mancha de terra queimada con algún fragmento cerámico.

UE 010: Recheo de gabia de cor gris clara con pedras fincadas, cerca do muro O.

UE 011: Substrato, base do pavimento.



Espazo 10, E-59. Resultado final da escavación arqueolóxica

Resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 8: E-53, E-54, E-55. Intervense en E-53.

Indicábase no proxecto autorizado que estas vivendas atópanse ao noroeste do castro, entre as estruturas do Espazo 4 intervidas no 2013 e as do Barrio Norte no 2012. Con estes traballos queda case finalizada toda esa zona, a máis próxima á muralla.

Este espazo está formado por tres estruturas con problemáticas moi diferentes. A central, E-54, exenta da muralla, é a que presenta maior potencia, polo que se observan alteracións propias derivadas da súa altura: derrubas, abombamentos, desprazamentos de pedras, etc.

A E-55, exenta tamén da muralla, só conserva o muro norte, que parece pegado ao muro leste da E-54. A maior problemática neste espazo preséntao a E-53, xa que o muro norte parece en parte tapado por unha derruba e nalgúns zonas deste muro non se delimita o lenzo externo, non estando moi clara a súa relación coa muralla: o muro norte da estrutura está exento, pegado, etc. Só hai constancia visual dos muros norte e oeste da E-53.



Espazo 8, E-53. Intervención entre o paramento externo da habitación e o paramento interno da muralla.

Intervención:

O problema principal desta estrutura é que, a pesar de que os muros norte e oeste que se conservan están imbricados, non se entende moi ben como está pegada a estrutura á muralla e a un muro que se conserva entre a E-45 e a E-53. Na esquina do muro leste da E-45 aparecen unhas pedras saíntes que parecen ser unhas lousas para facilitar a suba a algún lugar, non sabemos se da muralla o dunha estrutura.

Foi necesaria a escavación para delimitar o lenzo externo do muro norte e coñecer se segue a pauta das estruturas desa zona ou se nestes espazos hai diferenzas.

Os factores e formas de alteración son a perda de chumbada no lenzo interno do muro oeste con formas de alteración tipo «combamento que provoca o movemento de laxes», o movemento das fiadas superiores pola presenza dunha gran colonización biolóxica que provoca presións á vez que retén a auga e fai que a argamasa perda as súas propiedades de adhesión, a perda de argamasas e o movemento de laxes.

Escavouse a parte superior do muro N e o espazo entre o paramento externo e o paramento interno da muralla.

A separación entre os paramentos da muralla e do muro da habitación é de 35 cm. O muro N ten unha lonxitude de 4,50 m., e unha anchura de 50 cm.

Estratigrafía.

A estratigrafía antrópica estrutúrase en base a dous niveis arqueolóxicos.

- Nivel 1: Capas relacionadas coa colmatación posterior á escavación dos anos 80, como sedimento de terra e pedra procedente da muralla.

UE 001: Manto vexetal.

UE 002: Terra vexetal.

UE 003: Capa de terra marrón escura e pedra mediana procedente do derrubo da muralla, con 25 cm. de potencia.

- Nivel 2: Nivel galaico-romano

UE 004: Fiadas do muro N con arxila de cor laranxa.

UE 005: Derrubo procedente da muralla e do muro N, con arxila amarela da construción, cunha potencia de 40 cm.

Non se pode afondar na escavación ata esgotala, ata a cimentación do muro N, concretamente a cimentación do paramento externo da habitación, polo escaso espazo ou distancia ata o paramento interno da muralla; sería necesario desmontar as fiadas superiores da muralla, polo perigo de derrubo, para finalizar a escavación. Non obstante para cumprir o obxectivo do proxecto, executar a consolidación do muro N, a escavación realizada foi suficiente.

A investigación non se pode completar. Constátase, no extremo noroeste do muro N, onde fai a curva, que o que ata agora se consideraba continuación da muralla en dirección leste-oeste, é realmente o muro doutra habitación acaroada. A muralla está retranqueada; a impresión era falsa debido a unha consolidación realizada sen escavación previa, falseando a continuación orixinal da muralla, en dirección leste-oeste; naquela intervención considerouse que a muralla estaba cedida. Realmente, compróbase que segue a separación de 35 cm. entre os paramentos externos dos muros das habitacións e o paramento interno da muralla; este espazo atópase recheo con derrubo procedente da muralla, e sobre este derrubo se fixera a consolidación, falseando a realidade construtiva das estruturas.

UE 006: Muro N. da nova habitación, apegado ao muro N de E-53. Soamente se poden escavar 3 fiadas de cachotería do paramento exterior, e 40 cm. de lonxitude.

CONCLUSIÓNS

Como xa indicamos en anteriores informes, a intervención arqueolóxica *Seguimento e control arqueolóxico da campaña de acondicionamento e consolidación do Castro de Viladonga* do ano 2015, podemos cualificala, igual que ás campañas do 2012-13, como positiva, aínda que non é completa no que respecta ós seus resultados científicos dende o punto de vista da investigación de niveis correspondentes á etapa galaico-romana e castrexa nos espazos obxecto da actuación, ao detectarse niveis arqueolóxicos pero non poder afondar no seu coñecemento, agás no espazo da muralla; a arqueoloxía, neste proxecto, serve de apoio á consolidación das estruturas, e, deste xeito, só se afonda na escavación ata onde determina a necesidade desta consolidación; cúmprese así o obxectivo do proxecto, pero non se esgotan os niveis arqueolóxicos detectados durante a intervención. Soamente no espazo da muralla foi posible realizar unha escavación en área.

O resultado da escavación arqueolóxica no Espazo 11, E-62, área de acceso ao interior da croa si é concluínte. O dobre obxectivo da actuación foi definir o remate do acceso ao interior do recinto habitacional, aclarando a relación entre a construción de pedra situada á esquerda e o bastión esquerdo da muralla. A escavación permite exhumar o paramento interno do bastión na zona onde inicia a curva interior da muralla así como constatar a existencia dun corpo de garda, complemento das defensas de acceso á croa. Recuperouse tamén parcialmente o pavimento de uso (recuperado en anteriores campañas ao longo de todo o acceso á croa entre os paramentos interiores da muralla), situado baixo o corpo de garda, indicando que esta estrutura é posterior construtivamente ao citado pavimento.

O espazo 9 é unha superficie escavada por Chamoso Lamas nos anos 70 do século XX. Actualmente correspóndese coas habitacións E-56, E-57, E-58 e E-52; como resultado da actuación arqueolóxica debemos engadir E-56A, o muro que se acaroa a E-56.

O estado do espazo 9 denantes da intervención presentábase como un barrio do castro, un conxunto habitacional composto de tres recintos ocupacionais e dous muros encostados.

Presenta unha importante novidade; durante o desenvolvemento da escavación, denantes da consolidación dos muros, exhúmase parte dun pavimento moi elaborado, construído pola superposición de tres capas; a superior é unha terra arxilosa de cor amarelo, moi compactada, seguida dunha terra negra de limpeza, e rematando cunha base de pedras de mediano tamaño asentadas horizontalmente no terreo. É un pavimento galaico-romano, probablemente de uso en todo o recinto habitacional da croa.

Entre os paramentos das estruturas habitacionais hai un espazo libre de construcións, que presenta outro tipo de estruturas, silos e pedras fincadas, en parte descubertos nos anos 70. Realizamos unha limpeza do espazo e destes elementos, considerando a necesidade de realizar no futuro unha reescavación en área para entender a súa secuencia histórica, o proceso de reurbanización que tivo, xa que presenta elementos estruturais resultado da intervención dos anos 70, que están á vista, pero sen documentación sobre a súa funcionalidade, e seguramente están delimitando un espazo con funcionalidade agrícola, anterior a actual urbanización deste espazo do castro.

Finalmente no espazo 8, como xa indicamos, a investigación non se puido completar. Constátase, no extremo noroeste do muro N da habitación E-53, onde fai a curva, que o que ata agora se consideraba continuación da muralla en dirección leste-oeste, é realmente o muro doutra habitación encostada. A muralla está retranqueada; a impresión era falsa debido a unha consolidación realizada sen escavación previa, falseando a continuación orixinal da muralla, en dirección leste-oeste; naquela intervención considerouse que a muralla estaba cedida. Realmente, compróbase que segue a separación de 35 cm. entre os paramentos externos dos muros das habitacións e o paramento interno da muralla; este espazo atópase recheo con derrubo procedente da muralla e sobre este derrubo se fixera a consolidación, falseando a realidade construtiva das estruturas.

Esta situación reafirma a necesidade de realizar escavacións completas previas ás consolidacións de estruturas en calquera dos espazos do castro.

O material ergolóxico recuperado na intervención é escaso e consiste en cerámica castrexa e común romana, ademais de tégula, en niveis galaico-romanos.